

# CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

## 2024/25

DEPARTAMENTO de DEBUXO

EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL e AUDIOVISUAL / EDUCACIÓN ARTÍSTICA

C.P.I. DOMINGO FONTÁN. PORTAS

## I. SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

### I.1. Sistemas de Cualificación e Comunicación dos Resultados

A avaliación basearase principalmente na corrección e puntuación dos traballos, exames e exercicios.

Todos os traballos obrigatorios serán corrixidos individualmente, puntuados e devoltos a os alumnos para que eles mesmos se dean de conta dos erros e poidan tentar mellorar. Tamén serán advertidos (en directo ou pola aula virtual) dos proxectos que lles faltan por entregar.

Os exames serán mostrados aos alumnos para que revisen a puntuación e a corrección dos mesmos.

Os resultados globais das avaliacións aparecerán recollidos no libro de actas.

**A información sobre a avaliación estará a disposición do alumnado tanto no taboleiro do taller coma na páxina web e na aula virtual/classroom .**

A valoración das distintas tarefas/proxectos/probas será a seguinte:

Materia: E.P.V. 1º, 3º	PORCENTAXE NA NOTA FINAL
Exame/s*	50%
Traballos/Proxectos/Traballo diario	50%

\*Os exames poderán substituírse por proxectos se as condicións o fan aconsellable.

Materia: E.A. 4º	PORCENTAXE NA NOTA FINAL
Exame/s*	50%
Traballos/Proxectos/Traballo diario	50%

\*Os exames poderán substituírse por proxectos se as condicións o fan aconsellable.

A cualificación de cada **Avaliación** calcularase facendo a media aritmética entre a media dos exames e a media dos proxectos. O redondeo efectuarase cando pase da 0,7.

A cualificación da **“Avaliación Final Ordinaria”** calcularase facendo a media aritmética entre as tres avaliacións, sen considerar os posibles redondeos realizados para a nota de cada avaliación. Neste último caso, tras facer a media das cualificacións reais de cada avaliación, aplicarase o redondeo tamén cando pase da 0,7.

### I.2. Procedementos de Avaliación

O traballo continuado será o pilar co que determinaremos en maior medida os resultados académicos, polo que se efectuará, no posible, un seguimento continuado dos progresos dos alumnos a través, fundamentalmente, dos exercicios realizados na aula e/ou na clase virtual.

Procederase a observar como cada alumno:

- Capta a información facilitada a través das distintas vías de comunicación.
- Valora e interpreta dita información.
- Toma decisións e procede á elaboración do traballo a partir desa información.
- Analiza os resultados e realiza unha autocrítica.
- Entrega puntualmente os exercicios.
- Asiste a clase (ou conéctase virtualmente), presta atención e mostra interese.
- Respecta aos compañeiros e coida o material, propio e alleo.

### **I.3. Ferramentas para a avaliación**

- Rexistro de observación diaria (incluída a revisión do traballo a distancia).
- Revisión do caderno (en 1º ESO).
- Guións de autoavaliación e coavaliación (dianas, escalas, rexistros...).
- Rúbricas diversas (incluídas as específicas na Aula Virtual/Google Classroom).
- Rexistro de avaliación do traballo práctico.
- Corrección de exames e proxectos.
- Rexistro para a autoavaliación da actividade docente.

**E para que conste asina en Portas, a 14 de Setembro de 2024.**

**Asdo: Sara Rosales**